

Visita á Fundación Barrié - **Exposición fotográfica de Norman Parkinson.**

04-12-2019

Citámonos na Fundación Barrié o pasado día 4 de decembro para visitar a exposición fotográfica de Norman Parkinson.

Parkinson foi un dos mellores fotógrafos do século XX. Fixo que nas súas fotografías se contextualizara a moda desde os anos trinta ata a década dos oitenta. Caracterizouse principalmente por sacar aos modelos á rúa, onde se moven con naturalidade en escenas reais.

Tamén fotografou a personaxes coñecidos como Beatles, Rolligs Stones, Nati Abascal, Liz Taylor e un longo etcétera.

O guía fíxonos un percorrido pola exposición explicando moitos detalles, que sen a súa explicación, pasaríannos inadvertidos. Foi do agrado de todos.

Dolores Domínguez

Vocai de actividades culturais

